

## MESTRES E MESTRAS DE ORIENTACIÓN

COLECTIVOS QUE EXISTEN E QUE A ADMINISTRACIÓN NON VALORA!!!

Unha situación inxusta que trouxo consigo a modificación do Real Decreto 276/2007, de 23 de febreiro, polo que se aproba o regulamento de ingreso, accesos e adquisición de novas especialidades nos corpos docentes ao que se refire a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, e se regula o réxime transitorio de ingreso ao que se refire a disposición transitoria decimoséptima da citada lei:

- **Valoración da experiencia** realizada pola lista de orientación en Educación Primaria, é considerada como experiencia noutra especialidade.  
CONSECUENCIA: unha valoración equivalente a só **0,359 por cada ano traballado**, fronte ao 0,7 que se valoraría se fose na mesma especialidade.
- **Desigualdade de oportunidades** por non ser considerada una especialidade a nivel estatal e polo tanto tampouco a nivel autonómico, os docentes deste colectivo nunca puntuarán ao 100% a súa experiencia laboral nos procesos selectivos. Están en terra de ninguén, a pesar do esencial que é o seu traballo, non é recoñecido.

### DENDE UGT SOLICITAMOS

- Que se cree a especialidade de orientación en Educación Primaria igual que o está en Educación Secundaria.
- Que, mentres non se configure como especialidade, se lles outorgue a puntuación completa nas especialidades de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe cuxo persoal coordinan, igual que o aplican noutras comunidades como é o caso de País Vasco.
- Que se negocien outras alternativas que se propoñan por parte da Consellería para contrarrestar o prexuízo manifesto a este colectivo.



**POR UNHA PARTICIPACIÓN EN IGUALDADE DE CONDICIÓNS!!!**